

**PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE
TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS
DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2022/23 (PL500B)****PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN**

A Orde do 16 de decembro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23 (PL500B) (DOG núm. 245, do 27 de decembro de 2022).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria e logo do informe elaborado pola Comisión Provincial de Cualificación, constituída no Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña, para a análise e cualificación dos proxectos (base 9 da convocatoria), a xefatura territorial formula esta proposta provisional de resolución de adjudicación, na que consta a puntuación acadada para cada centro admitido (Anexo 1) e informa que non existen solicitudes excluídas.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para que formulen as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta diante da xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña. En todo caso, os centros que presenten alegacións deberán enviar un correo electrónico ao dito gabinete provincial (sxpl.acoruna@xunta.gal), no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O xefe territorial da Consellería de Cultura,
Educación, Formación profesional e Universidades

Indalecio Cabana Leira

